Federación Provincial de ANPAs Públicas
Dr. Fleming, 43 soto - 32003 – Ourense
Telefono.- 988 241 351 / 628 367 049
www.fapaourense.es / fapaourense@fapaourense.es

fapaourense as burgas

ESTATUTOS

CAPITULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Denominación.

Coa denominación: Federación Provincial de ANPA de Centros Públicos de Ourense "As Burgas", en diante FAPA, constitúese esta FEDERACIÓN ao amparo do artigo 22 da Constitución e da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, que se rexerá polos presentes Estatutos e no previsto por eles e polas leis vixentes que lle sexan de aplicación, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Domicilio social.

A FAPA establece o seu domicilio social en rúa Doutor Fleming, nº 43, soto, Municipio de Ourense, Provincia de Ourense, CP 32003, e o ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é toda a provincia de Ourense.

Artigo 3. Carácter.

A FAPA será laica e independente de calquera asociación de carácter político, relixioso, cultural ou profesional. Con todo, poderá subscribir concertos ou convenios de colaboración coa Administración e outros entes públicos ou privados, así como confederarse con outras federacións afins, de maior ámbito territorial, nacional ou internacional, coa aprobación da Asemblea Xeral de asociados.

FAPA OURENSE, está baseada no principio de Igualdade de todas a ANPA que a integran.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Federación Provincial de ANPAs Públicas
Dr. Fleming, 43 soto - 32003 – Ourense
Teléfono.- 988 241 351 / 628 367 049
www.fapaourense.es / fapaourense@fapaourense.es

fapaourense as burgas

Artigo 4. Duración.

Esta Federación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 5. Fins.

A Federación- FAPA OURENSE ten como fins:

a) Conseguir a escolarización gratuita de 0 a 21 anos dentro da rede pública.

b) Conseguir a plena gratuidade do ensino nos niveis obrigatorios, incluíndo as actividades complementarias e extraescolares, os libros e o material escolar, e os servizos de comedor e transporte.

c) Promover unha escola laica, democrática e participativa, xestionada democráticamente con intervención das nais e pais, os alumnos/as e das súas asociacións, así como o control dos demais sectores afectados pola educación.

d) Estimular aos pais/nais de alumnos/as para a participación nas actividades e tarefas que as súas respectivas asociacións desenvolvan.

e) Potenciar o movemento asociativo de pais/nais de alumnos/as promovendo e facilitando a coordinación para unha mellor unidade de acción así como brindar a súa colaboración e apoio ás asociacións que a compoñen para facilitar e posibilitar o cumprimento dos seus fins.

f) Promover relacións de colaboración e participación entre nais/pais e docentes para a mellor consecución dos fins comúns a ambos.

g) Aumentar e controlar a calidade da educación impartida, tanto no que se refire a contidos como adocencia.

h) Velar porque a actividade educativa forme no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, nos valores da paz e solidariedade no exercicio da tolerancia e a liberdade, asi como promover a igualdade de sexos.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

i) Velar por unha educación que capacite para o exercicio dunha profesión ou para a continuación de estudos superiores, o gozar do lecer, e facilite a inserción social e laboral que establece a nosa Constitución.

j) Promover a planificación da educación e a súa xestión e control polas CCAAs conforme establece a Constitución e o desenvolvemento dos estatutos de autonomía.

k) Participar nos órganos de xestión e dirección educativa da súa competencia (local, comarcal, rexional e estatal).

l) Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos a educación, solicitando a atención e axuda que esta merece.

m) Representar ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e ás Agrupacións de Asociacións, legalmente constituídas, sen perxuizo da súa autonomía, adoptando as resolucións que, pola súa importancia, afecten ós seus intereses.

n) Promover e desenvolver cantas actividades sexan necesarias para a consecución destes obxetivos.

o) Impulsar o diálogo entre as nais/pais e os docentes e impulsar a formación de nais e pais de alumnos/as.

p) Potenciar a cultura galega.

q) Potenciar as relacións e influencias en CONFAPA e en CEAPA.

Artigo 6. Actividades.

Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

a) Coordinar as actuacións de todas as ANPA asociadas para lograr a unidade de acción na mellora da calidade do ensino e extensión do servizo público da educación, o fomento da participación na escola e no sistema educativo no seu conxunto, o desenvolvemento das normas e pautas de integración na escola

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

e a apertura desta ao medio social, natural e cultural no que este a insere, e en xeral en cantas actuación tendan á mellora da calidade de ensino e benestar social do alumnado.

b) Realizar actividades sen ánimo de lucro, de asistencia social, relacionadas coa protección da infancia e da xuventude, que consisten en cursos educativos, obradoiros, excursións, campamentos, servizo de comedor e madrugadores, actividades deportivas, culturais e de protección á infancia, á natureza e ó medio natural; ben prestados directamente ou por medio das ANPA federadas a través de convenios, concursos, acordos, etc. coas Administracións Públicas, outras entidades ouasociacións, empresas, etc; en Centros Escolares ou fora deles.

Por todas estas prestacións de servizos sociais (acadando becas -sempre que sexa posible- para as familias socioeconómicamente máis desfavorecidas) a Federación poderá solicitar a inscripción no RUEPS.

c) Ser canle de opinión, representación e participación das Federacións e Confederacións asociadas a nivel galego, do Estado Español e ante instancias internacionais, sen perxuizo da autonomía daquelas nos seus respectivos ámbitos.

d) Fomentar o desenvolvemento do movemento asociativo de pais e nais do alumnado.

e) Promover e desenvolver cantas actividades sexan necesarias para propiciar ou conseguir os seus obxectivos.

f) Informar e asesorar ás Federacións e Confederacións de ASOCIACIÓNS na súa actuación.

g) Incorporarse a Confederacións e organismos de carácter internacional.

h) Promover, coordinar, realizar e/ou editar materiais propios, actuando mesmo como editores, se fose necesario.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Federación Provincial de ANPAs Públicas
Dr. Fleming, 43 soto - 32003 – Ourense
Teléfono.- 988 241 351 / 628 367 049
www.fapaourense.es / fapaourense@fapaourense.es

fapaourense as burgas

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

CAPITULO II

ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Artigo 7. Natureza e composición.

Os órganos de goberno e de administración da FAPA son:

a) a) A AsembleaXeral.
b) A Xunta Directiva.

SECCIÓN 1ª: DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 8. Composición

A Asemblea Xeral, legalmente constituída con arranxo aos presentes Estatutos, é o órgano supremo da FAPA e os seus acordos son vinculantes para todos os seus asociados e restantes órganos de goberno. A Asemblea Xeral estará constituída pola Xunta Directiva e dous representantes de cada Asociación federada que serán elexidos por cada unha das Asociacións segundo os seus propios estatutos e deberán presentar a correspondente acreditación ante a Xunta Directiva e nas convocatorias de asemblea. Á hora da votación, ésta poderá ser presencial ou a través de voto delegado. No caso do voto presencial cada ANPA dispoñerá dun **(1)** voto, que emitirá o que sexa designado pola mesma como PORTAVOZ, así como todos os votos que traia delegados doutras asociacións.

Para os votos delegados teránse en conta as delegacións presentadas por calquera membro da Federación .

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

Artigo 9. Reunións.

As reunións da Asemblea Xeral serán **ordinarias e extraordinarias**. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos tres meses seguintes ao comezo do curso escolar (podendo acollerse así a Federación ao réxime fiscal dos centros educativos) ou ben no primeiro trimestre do ano natural; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuizo do Presidente/a, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados con dereito a voto. As actas poderán ser en formato dixital, as cales serán custodiadas, polo/a Secretario/a, as súas copias físicas asinadas.

Artigo 10. Convocatorias.

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por calquera medio do que quede constancia a recepción polos interesados da mesma, expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos para tratar.

Será convocada unha ASEMBLEA EXTRAORDINARIA, por acordo da Xunta Directiva, ou a petición do 10% dos seus socios con dereito a voto, cun prazo para solicitar devandita asemblea de 5 días, no caso de ser convocada pola Xunta Directiva e de 15 dias no caso de solicitala o 10% das asociacións con dereito a voto. Neste último caso procederáse a formular a petición por escrito, coa Orde do Día que se propón.

Artigo 11. Adopción de acordos.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

dereito a voto. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións. A votación secreta producirase cando o soliciten o 10% das asociacións presentes e con dereito a voto ou das delegacións presentadas.

Será necesaria a maioría cualificada de tres cuartas partes das persoas presentes ou representadas, para a:

a) Disolución da entidade.

b) Modificación de Estatutos, incluído o cambio de domicilio social.

c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmobilizado.

d) Remuneración dos membros da Xunta Directiva dentro do exercicio das suas funcións como membros da propia Xunta.

Artigo 12. Facultades.

Son facultades da Asemblea Xeral:

a) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.

b) Examinar e aprobar as contas anuais.

c) Ratificar os membros da Xunta Directiva.

d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.

e) Modificar os Estatutos, incluído o cambio de domicilio social.

f) Dispoñer ou enaxenar os bens.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

g) Aprobar, no seu caso, a remuneración dos membros da Xunta Directiva (apartado d) do artigo 11.

h) Ratificar os contratos de aluguer subscritos pola Xunta Directiva, se os houbese.

i) Expulsión de ANPA membros.

j) Calquera outra que non sexa competencia atribuída a outro órgano social.

k) Disolución da Federación Provincial.

SECCIÓN 2ª: DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 13. Composición.

Estará integrada por: Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a, un mínimo de un/unha Vogal (1) e a maiores, o número de Vogais que se determine na Asemblea, todos con voz e voto. A candidatura máis votada será ratificada pola Asemblea Xeral, e o seu mandato terá unha duración de **catro anos**, podendo ser reelixidos en sucesivas renovacións e coincidindo coa finalización do mandato. Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva, no exercicio das súas funcións como membros da mesma, poderán percibir únicamente as compensacións económicas para gastos de transporte e dietas, necesarias para o seu labor. Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva poderán recibir retribucións salariais por aqueles traballos realizados para a Federación distintos dos propios do seu cargo, con réxime laboral e dentro da ley.O prazo de presentación de NOVAS Candidaturas debe de ser cun mínimo de 15 días, anterior á ASEMBLEA.

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

Artigo 14. Incompatibilidades

Serán incompatibles coa condición de membros da Xunta Directiva as persoas nas que concorran algunhas das seguintes circunstancias:

a) Ostentar ou ter ostentando nos últimos tres anos cargo público electo.

b) Ostentar ou ter ostentado nos últimos tres anos cargo orgánico en partidos políticos.

c) Ostentar ou ter ostentado nos últimos tres anos cargo orgánico en Sindicatos ou Asociacións profesionais de ensinantes.

d) Exercer actividades privadas ou profesionais en cuxo desempeño poida producirse conflito coa FAPA.

e) Ser expulsado dalgunha asociación por incumprimento dos seus estatutos ou outra falta grave.

Artigo 15. Reunións.

A Xunta Directiva reunirase cantas veces o determine o seu Presidente/a e por iniciativa ou petición dalgún dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un, dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente/a será de calidade. As reunións que se celebren terán que ser mínimo un 50% presenciais e o resto por calquera medio tecnolóxico no que poidan interactuar todos os seus membros. As actas poderán ser en formato dixital, as cales serán custodiadas, polo/a Secretario/a, as súas copias físicas asinadas.

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

Artigo 16. Facultades.

A Xunta Directiva é o Órgano Executivo e de xestión de FAPA Ourense. As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

A Xunta Directiva reunirase como mínimo unha vez ao trimestre no período de Curso Escolar, mediante convocatoria realizada polo Presidente. A convocatoria comunicarase aos directivos mediante correo electrónico ou outros medios, cun mínimo de 72 horas antes da súa celebración, exceptuando a Xunta Directiva extraordinaria que se poderá convocar con menos de 24 horas.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación (ou poderá contratar profesionais para tal fin), acordando realizar os oportunos contratos e actos.

b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.

c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e as contas anuais.

d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.

e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.

f) Abrir e cancelar contas en entidades bancarias e financeiras, a nome de FAPA Ourense, asi como tamén solicitar Préstamos coas limitacións de cantidades máximas que se acorde en Xunta Directiva.

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

g) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 17. Presidente/a.

O Presidente/a terá as seguintes atribucións:

a) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.

b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra.

c) Visar as actas das sesións e velar polo cumprimento dos acordos adoptados.

d) Subscribir acordos, convenios e documentos legais en nome da Federación de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Ourense, con entidades públicas ou privadas.

e) Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen perxuizo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

f) Designar os cargos de Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vogais.

g) Todas aquelas atribucións que non sexan de exclusiva competencia da Asemblea Xeral ou Xunta Directiva.

h) Ordear e autorizar pagos xunto con, polo menos, un dos membros da Xunta Directiva autorizado/a para tal fin, que terá que ser o/a Tesoureiro/a, que na sua ausencia poderá determinarse un membro provisional pola Xunta Directiva que se convocaría con carácter extraordinaria.

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

i) Estender e asinar libramentos de pagos necesarios, así como talóns, cheques, etc. conxuntamente coTesoureiro/a de a Federación.

j) Recibir Subvencións ou Axudas Económicas en nome de FAPA Ourense de calquera administración pública ou entidade privada, así como calquera outro ingreso ou doazón que sexa conforme coa Lei.

Artigo 18. Vicepresidente/a.

O Vicepresidente/a sustituirá ao Presidente/a en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as súas mesmas atribucións. Así mesmo, poderá realizar cantas funcións lle sexan encomendadas expresamente pola Xunta Directiva.

Artigo 19. Secretario/a.

O Secretario/a terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Federación, concretamente:

a) Levar e custodiar os Libros de Actas ou Actas dixitais, os Libros de Socios e demais libros oficiais, rexistros e ficheiros.

b) Levantar Acta das sesións que celebre a Asemblea Xeral, Xunta Directiva e sometela posteriormente á aprobación dos devanditos órganos.

c) Abrir a correspondencia dirixida á FAPA e propoñer ao Presidente/a contestación oportuna da devandita correspondencia, apoiándose e ou delegando no persoal administrativo de FAPA ou dos profesionais esternos que esta teña contratado ou contrate.

d) Librar as certificacións que se soliciten ou requiran en relación cos documentos da FAPA, co visto e prace do Presidente/a.

e) Redactar as comunicacións oficiais que emanen da FAPA.

f) En xeral, levar a cabo cantas funcións sexan necesarias para o desenvolvemento da súa actividade, solicitando a colaboración nece-

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

saria de entre os membros da Xunta Directiva de FAPA para o bo funcionamento do seu labor.

g) En ausencia do Tesoureiro/a, asinar documentos bancarios se se autorizou para iso, por acordo da Xunta Directiva.

Artigo 20. Tesoureiro/a.

a) Levar os libros de contabilidade que fosen precisos.

b) Recibir e custodiar os fondos sociais.

c) Realizar os pagos ordenados pola Presidencia.

d) Recadar as cotas de FAPA OURENSE e Visar os cobros conxuntamente co Presidente.

e) Redactar e elaborar xunto co departamento Administrativo-Contable interno/externo da FAPA, e someter á Xunta Directiva para a súa aprobación o Balance económico da Federación, para a súa posterior presentación e aprobación en Asemblea Xeral, así como o orzamento anual e o inventario da Federación.

f) Asinar os pagos conxuntamente co presidente e facelos efectivos.

g) Verificar as anotacións e rexistros contables imprescindibles para coñecer, en calquera momento, a situación económica da Federación.

h) Custodiar os fondos e bens da Federación, así como os documentos e os xustificantes dos ingresos e gastos efectuados e levar os principais temas de índole Económico da Federación.

Artigo 21. Vogais.

Os Vogais ademais de ter voz e voto na Xunta Directiva, desempeñarán as funcións que se acorde en Xunta Directiva quen distribuirá e

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

organizará o seu traballo en cantas áreas considere necesarias para o mellor cumprimento das súas funcións. Deberá manter informada á Xunta Directiva e, no seu momento, á Asemblea Xeral dos aspectos específicos que poidan serlles encomendados.

Artigo 22. Réxime de baixas e suplencias.

Os membros poderán causar baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións que tivesen encomendadas, por incumprimento dos estatutos, por perda de escolarización pública dos fillos ou que estes deixen de estar escolarizados. As vacantes que por estes motivos se produzan serán cubertas provisionalmente por quen designe o/a Presidente/a ou a Xunta Directiva restante e ratificarase na seguinte Asemblea.

CAPÍTULO III

NORMAS PARA A ELECCIÓN DE CARGOS

Artigo 23. Requisitos dos candidatos.

Para poder ocupar calquera cargo na FAPA, os candidatos elixidos deberán cumprir necesariamente os seguintes requisitos:

1. Ser pai, nai ou titor legal dun/a ou varios/as fillos/as que cursen estudos en centros públicos onde se impartan ensinos oficiais e ser socio/a de unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos que, á súa vez, este federada e a súa cota social cumprimentada.
2. Os candidatos poderán ser propostos polas Asociacións que son membros da FAPA mediante Acta de Xunta Directiva ou de calquera outra forma que permitan os seus Estatutos.
3. Non incorrer nas incompatibilidades do artigo 14 destes estatutos.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

Artigo 24. Normativa das eleccións.

O proceso das eleccións realizarase de acordo ás seguintes normas:

a) As candidaturas depositaranse na sede da Federación, polo menos, con 15 DÍAS de antelación á celebración da Asemblea, co fin de organizar as listas de votación adecuadamente.

b) De non cubrirse as candidaturas aos cargos, Presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vogais, antes da Asemblea fixarase un tempo pola Mesa para a presentación de candidatos/as na mesma.

c) A votación realizarase a man alzada, ou será secreta, mediante papeleta, se así se acorda na Asemblea (art. 11) previamente á votación, dispoñendo cada Asociación dun único voto propio mais os que porte delegados asi como os que estén delegados en calquer membro da FAPA.

d) Serán válidos os votos delegados que poderán recaer en varias ou sobre a mesma persoa e sempre que se realice por escrito no documento de delegación, sendo debidamente identificados ante a Mesa de acreditacións antes da celebración da Asemblea. A mesa de acreditacións recibirá a información dos votos asignados a cada ANPA.

e) Será elixida a candidatura que ostentase o maior número de votos.

Artigo 25. Organización do proceso

A Xunta Directiva organizará as eleccións aténdose ao preceptuado no capítulo III, ampliando aqueles aspectos necesarios a condición de que non contradigan as normas contidas nestes Estatutos.

Artigo 26. Causas do cesamento nos cargos e procedementos de substitución.

a) Cesarán en calquera dos cargos da Xunta Directiva que ostenten, quen deixe de cumprir as obrigacións que se lle teñen atribuídas nestes Estatutos, excepto o/a Presidente/a, e o/a Secretario/a no referente ao punto 1 do artigo 23, se non houbese nin-

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

guén que asuma o cargo, coa finalidade de evitar a disolución ou o mal funcionamento da FAPA (Punto 5, art.23).

b) A falta de asistencia a tres reunións de Xunta Directiva legalmente convocadas, sen xustificación, a condición de que exista constancia de que se lle comunicou de forma fidedigna ao interesado/a, considerarase como renuncia ao cargo. O cesamento será comunicado ao interesado/a mediante escrito razoado.

c) En caso de cesamento do Presidente/a substituiralle en caso de haber, o/a Vicepresidente/a. En caso de non haber Vicepresidenta/a, serán o Secretario/a e o Tesoureiro/a por esta orde. De non haber substituto para o Presidente/a deberán convocarse novas eleccións de acordó co artigo 24 destes Estatutos.

d) As vacantes de Vogais cubriranse de forma interina a proposta do Presidente e por acordo da propia Xunta Directiva, debendo ratificarse a designación, na primeira Asemblea que se celebre (art. 22). Os cargos cubertos por este sistema de designación, cesarán cando se extinga o mandato regulamentario dos titulares a quen substitúa.

CAPÍTULO IV

SOCIOS/AS

Artigo 27. Requisitos.

Poderán pertencer á FAPA, obxecto dos presentes Estatutos, aquelas Asociacións de Nais e Pais de Alumnos da provincia de Ourense que, estando legalmente constituídas ao amparo da lexislación vixente, o soliciten. As Asociacións que soliciten federarse, deberán presentar os seguintes documentos:

a) Copia da Acta fundacional da ANPA.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

b) Unha copia legalizada dos Estatutos da Asociación.

c) Unha certificación de que este inscrita no Rexistro de Asociacións.

d) Certificación da Acta da Asemblea Xeral na que se decidiu federarse ou, no seu caso, da Xunta Directiva da Asociación, se así o permiten os seus Estatutos, expedida polo Secretario co visto e prace do Presidente.

e) Unha ficha cumprimentada dos datos da Asociación e relación nominal dos compoñentes da Xunta Directiva.

f) Xustificante do pago da cota vixente aprobada para os socios da Federación.

g) Certificado Bancario para a domiciliación da cota anual.

Artigo 28. Dereitos.

Serán os seguintes:

a) Tomar parte en cantas actividades organice a FAPA en cumprimento dos seus fins.

b) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a FAPA poida obter.

c) Participar nas Asembleas, con voz e voto, por medio dos seus representantes na mesma, a condición de que estean ao corrente no pago das cotas.

d) Solicitar por escrito á Xunta Directiva a inclusión de calquera asunto na Orde do Día dunha próxima Asemblea Xeral, e mesmo solicitar a convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria nas condicións e cos requisitos previstos no artigo 10 destes Estatutos.

e) Ser electores e elexibles para os cargos directivos.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

f) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Federación.

g) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Federación, achegando canta información ou propostas estimen oportunas, en relación aos fins destes Estatutos.

h) Recibir o apoio da Federación naquelas cuestións que, pola súa índole, transcendan o ámbito das propias asociacións.

i) Ter acceso aos locais, instalacións e libros da Federación, para cuxo efecto deberán respectar as normas que se establezan pola Xunta Directiva seguindo as indicacións emanadas da Asemblea Xeral e asinar a LOPD.

Artigo 29. Deberes.

1) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos tomados polos órganos de goberno.

2) Contribuír ás achegas fixas e extraordinarias que se determinen pola Asemblea Xeral e conforme aos presentes Estatutos.

3) Respectar escrupulosamente as competencias da Federación de modo que queda absolutamente prohibido ás Asociacións membros facer manifestacións públicas ou xestións en nome da Federación, se non é en cumprimento dun encargo expreso dos seus órganos competentes.

4) Comunicar aos órganos de goberno da Federación calquera cambio nos Estatutos, Xunta Directiva, domicilio social, numero de conta bancaria, etc...

5) Estar ao día nos pagos da cota da Federación, a cal inclúe os seguros obrigatorios ou calquer outro que se houbera acordado para unha boa cobertura dos membros da Xunta Directiva e da propia asociación.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

6) Potenciar á Federación, as súas actividades e os seus acordos.

Artigo 30. Baixa.

a) Por renuncia voluntaria, remitindo copia do Acta asemblearia onde se acorde, por maioría dos seus asociados, desvincularse da Federación.

b) Por falta de pago dunha anualidade, aínda que a Federación, mediante acordo da súa Asemblea Xeral, poderá eximir do mesmo por un tempo limitado, a aquelas Asociacións que, solicitándoo, demostren a imposibilidade de asumilo na data de cargo.

c) Por falta de cumprimento dos acordos adoptados en Asemblea Xeral.

d) Por incumprimento dos Estatutos.

e) Pola utilización da Federación con fins alleos aos específicos da mesma.

f) Por realización de acción que perxudiquen gravemente os intereses da Federación, mala fé dolosa do seu actuar, fraude ou deslealdade, por causar graves danos ou desprestixio á asociación, por empregar o seu nome, local ou materiais para fins lucrativos propios e por desobediencia ós acordos da Asemblea Xeral.

g) A perda da condición de asociadas polas causas a), b) e f) será automática.

g) A perda polas causas c), d) e g) será decidida pola Xunta Directiva, tras ser oída a Asociación obxecto da expulsión, quen poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral da Federación que se celebre. En todo caso, a decisión de expulsar definitivamente a un membro da Federación deberá ser referendada pola Asemblea.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04
Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.
CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CAPÍTULO V
REGIMEN ECONÓMICO

Artigo 31. Recursos económicos.

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

a) As cotas de socios/ as, periódicas ou extraordinarias.

b) Os bens que se adquiran para a realización dos fins da Federación.

c) As subvencións, doazóns, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.

d) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 32. Patrimonio.

FAPAOURENSE créase sen patrimonio fundacional.

Artigo 33. As cotas.

Todas as Asociacións federadas a FAPA OURENSE, teñen a obriga de achegar a cota social que, en cada momento, se determine pola Asemblea Xeral da Federación. O importe das cotas fixado pola Asemblea Xeral será en concepto de cantidade mínima, podendo as asociacións federadas determinar libremente a súa propia cota, sempre que o seu importe sexa superior ao mínimo establecido.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

Artigo 34. Das contas bancarias.

Todas as contas e demais efectos bancarios de FAPA OURENSE necesitarán para a súa apertura, movemento e peche, a firma conxunta do Presidente/a e do Tesoureiro/a ou do Presidente/a e Secretario/a (art. 19- g).

Artigo 35. Do exercicio económico.

O exercicio económico (poderá coincidir) coincidirá co curso escolar, podendo acollerse a Federación ao réxime fiscal ao que se acollen os centros educativos.

Artigo 36. Orzamento e contabilidade.

A Federación levará unha contabilidade conforme ás normas específicas que lle resulten de aplicación e que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. A Xunta Directiva, con carácter anual e ao longo do primeiro trimestre do ano natural ou do primeiro trimestre do curso escolar (esto determinarao o réxime fiscal ó que se acollera a FAPA,) presentará á Asemblea Xeral un proxecto de orzamento para a súa aprobación. Así mesmo, presentará para a súa aprobación, a liquidación de contas do ano anterior.

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CAPITULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 37. Requisitos.

Para a modificación dos Estatutos que afecte ao contido previsto no artigo 7 da Lei1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións, requiririase o acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extrordinaria convocada especificamente con tal obxecto, debendo ser obxecto de inscrición no prazo dun mes e producirá efecto, tanto para os asociados como para os terceiros, dende que se procedeu á súa inscrición no Rexistro de Asociacións. As restantes modificacións producirán efectos para os asociados dende o momento da súa adopción con arranxo aos procedementos estatutarios, mentres que para os terceiros será necesaria, ademais, a inscrición no Rexistro correspondente.

CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN

Artigo 38. Disolución.

a) Por Resolución da autoridade competente.

b) Por sentenza xudicial e nos demais casos previstos pola lei.

c) Por acordo das 3/4 partes dos seus membros, adoptado en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para ese efecto.

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Federación Provincial da ANPAs Públicas
Dr. Fleming, 43 soto - 32003 – Ourense
Teléfono.- 988 241 351 / 628 367 049
www.fapaourense.es / fapaourense@fapaourense.es

fapaourense as burgas

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

Artigo 39. Liquidación e destino do remanente.

En caso de disolución da Federación de Asociacións de Nais e Pais de Ourense, actuará de comisión liquidadora a última Xunta Directiva en exercicio. Os bens da Federación destinaranse na forma prevista na lexislación vixente, salvo que por acordo expreso da Asemblea Xeral Extraordinaria que acorde a súa disolución, determínese como beneficiario a algunha Asociación ou Federación que se dedique a cumprir fins educativos cun espírito similar ao que anima a Federación.

Don HENRIQUE GARCÍA RODRÍGUEZ con DNI44.445.581-J, en calidade de secretario da Federación provincial de ANPAS de Centros Públicos Fapa Ourense á que se refiren estes Estatutos,

CERTIFICA que os presentes Estatutos foron modificados seguindo as previsións da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, por acordo da Asemblea Extraordinaria de socios do día 3 .de xullo de 2022.

En Ourense, a 3 de xullo de 2022

CVE: FXTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: XGREX-186cbeaf-7810-331d-8f77-c6c3f3374631 Copia electrónica auténtica de documento en papel Emitida: 02/12/2022 12:30:04

Con data do 02-12-2022 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1979/000003-2.

FIRMAS de todos os membros da Xunta Directiva:

D. JOSE ANTONIO ÁLVAREZ CARIDE
NIF: 34.972.023-V

FDO: José Antonio Álvarez Caride

DONA ANA PAULA ALVES PARADA
NIF: X1855247-K

FDO: ANA Paula Alves Parada

DONA ANA ÁLVAREZ GÓMEZ
NIF: 44.476.124-N

FDO:

DONA MARÍA ANGELES VAZQUEZ CID
NIF: 34.996.042-R

FDO: Mª Ángeles Vázquez Cid

D. JOSÉ RAMÓN ARAUJO FERNÁNDEZ
NIF: 34.947.487-E

FDO:

D. HENRIQUE GARCÍA GONZÁLEZ
NIF: 44.445.581-J

FDO:

D. JOSE BENITO NORES GONZÁLEZ
NIF: 34.966.460-C

FDO:

(Procederase a asinar nos laterais de todas as follas que forman parte dos novos estatutos)

CVE: FYTkYiuN4nu7
Verificación: https://sede.xunta.es/cve